
A VIAXE DE OLAF

Texto e ilustracións de MARTÍN LEÓN BARRETO

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 48 páx. 13 €

IV PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

INCLUIDO NA SELECCIÓN THE WHITE RAVENS 2012

A viaxe de Olaf (galego)

ISBN 978-84-8464-769-0. Premio Compostela

El camino de Olaf (castelán)

ISBN 978-84-8464-768-3. Premio Compostela

El viatge de l'Olaf (catalán)

ISBN 978-84-15170-11-2. Kalandraka-Hipòtesi

Olaf-en bidaia (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-691-2. Kalandraka-Pamiela

A viagem de Olaf (portugués)

ISBN 978-989-8205-71-1. Livros para sonhar

Olaf vivía nun planeta moi, moi pequeno.

Nunha casa moi, moi grande.

Un bo día, aburrido, Olaf saíu a camiñar... e camiñou!

Olaf camiñou e camiñou,

e un peixe que tiña a cola do revés atopou.

-Vés comigo? -preguntoulle.

E como non díxo que non...

O protagonista deste relato acumulativo de estrutura repetitiva e circular é unha sorte de Principiño que, farto da soidade, emprende un camiño iniciático. Diversos animais fantásticos -de inspiración mítica e valor simbólico- vanlle facendo compañía e conformando un grupo heteroxéneo e compacto: o peixe que tiña a cola do revés, o cabalo alado, o tigre arco da vella, o elefante elegante...

"A viaxe de Olaf" destaca pola profusión de colorido e pola harmonía coa que Martín León Barreto combina gamas cromáticas. Son ilustracións de formas xeométricas dotadas de movemento e dinamismo, e integradas como pezas dun complexo crebacabezas faunístico.

A obra gañadora do IV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, organizado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago e Kalandraka, axústase a un esquema baseado nos contos tradicionais: rimas, xogo de contrarios, diálogo reiterativo, oralidade... Olaf faínos partícipes dunha aventura a través do día e da noite, sobre a amizade e a xenerosidade.

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com



-
- **Temática:** viaxe iniciática na busca de compañía e amizade
 - **Idade recomendada:** dende 3 anos.
 - **Aspectos destacables:** IV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado; relato acumulativo, estrutura repetitiva (contos tradicionais); animais imaxinarios; astronomía; profusión cromática, formas xeométricas.
-

Martín León Barreto

(Montevideo, 1973)

É deseñador gráfico e ilustrador dende 1991; especialista en deseño de coleccións e portadas para libros infantís e xuvenís. En Uruguai formou parte do estudo de deseño Forma e foi colaborador do xornal Mate Amargo. En 2002 trasladouse a España para realizar un curso de animación en Madrid e instalouse finalmente na cidade de Guadalaxara. Traballa como ilustrador e deseñador *freelance* para diversas editoriais e medios de comunicación, como o xornal Diagonal. É un dos integrantes do equipo multimedia Tres.
<http://www.martinleonbarreto.com>

